



# LETRAS AGALGAS 2010

O Luns 17 de Maio, Paula, Janira, Sandra e Manuel acompañados pola súa familia e por varios mestres do centro, achegábanse ata a casa da cultura de Verín para festexar o día das letras galegas dun xeito especial: ían recibir un agasallo pola súa participación nos concursos literarios, de relato curto “Antonio Fernández Pérez” e poesía “Carlos Caneiro Pérez”.



O acto comezou ás 19h coa actuación da Banda de Música do Concello de Verín que interpretou diferentes pezas musicais. A presentadora do certame falounos da importancia deste día para a nosa terra, e sen máis demora, invitou ao representante do concello, a Carlos Caneiro e a un representante de cada un dos centros participantes a subir ao escenario para facer a entrega de premios.

Foi nomeando as persoas finalistas e gañadoras, primeiro de relato curto e logo do de poesía; dende primaria ata bachiller. Os/as alumnos/as que obtiveron o primeiro premio en cada unha das modalidades léronos a súa creación.



Este ano, para o Ceip de Oímbra, o éxito foi total. Todos os participantes acadaron algún premio. *Manuel Sánchez González* fíxose co primeiro premio do Nivel de Primaria dentro da modalidade de Poesía, co poema que levaba por título “*Vivencias dun estudante*”. *Sandra Larralde Larralde* conseguiu o segundo cos versos “*A vida é fermosa*” e *Paula Rodríguez Vila* o terceiro cun poema titulado “*As cores*”. Na modalidade de relato curto Paula quedou finalista co relato titulado “*Pensamento dunha nena*” e *Janira Freitas Toro* conseguiu o segundo premio co texto titulado “*A gran misión de Alan*”.

Entre sorrisos, música e aplausos ninguén se foi para a casa coas mans baleiras.

¡Noraboa a todos/as!

